
àgora vermú
OS DOMINGOS EN VILAGARCÍA, UN ESPECTÁCULO!
XUÑO 2022 · 13.00H
5 ISI VAAMONDE
AVENIDA DA MARIÑA
ALAMEDA
12 PEPE VAAMONDE GRUPO
PRAZA DA LIBERDADE
O CARRIL
19 CARLA GREEN & THE DEMONS
O PIÑEIRIÑO - AS PISTAS


Vilagarcía, Cidade de Libro.
13-19 XUÑO 2022
[HORARIOS DE MAÑÁ E TARDE]
PRAZA DA II REPÚBLICA
PARQUE MIGUEL HERNÁNDEZ
RÚAS DA CIDADE
Le.
Imaxina.
Voa...
XURXO ALONSO
YOLANDA CASTAÑO
MARWAN
MARCOS LORENZO
ANXO LUXILDE
ÁNGEL MARTÍN
BILAL TAORÉ
PAULA CARBALLEIRA
ALBERTO AVENDAÑO
MANUELA CARMENA
RAMÓN VILLARES
MANUEL JABOIS
DIEGO AMEIXEIRAS
LEDICIA COSTAS
BLUE JEAN
ELENA GALLEGO
BEA GREGORES
EVA MEJUTO
ÁNGELA BANZAS
JAVIER CERCAS
EMMA PEDREIRA


clasclás
V FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA CLÁSICA
VILAGARCÍA DE AROUSA
[RÍAS BAIXAS · GALICIA · SPAIN]
27 XUÑO - 2 XULLO
molto vivace!
+ INFO


XUÑO
2022
PROGRAMACIÓN
CULTURAL
Concello Vilagarcia de Arousa
vilagarciaviva
Concello de
Vilagarcía
de Arousa

# PROGRAMACIÓN CULTURAL MES DE XUÑO



## SÁBADO 4
Salón de actos Auditorio [21:00] [MÚSICA]

### Gala Lírica
PROGRAMACIÓN DA SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VILAGARCÍA

ROCÍO PÉREZ [soprano]
LEONARDO NAVARRO [tenor]
OLGA KOBEKINA [piano]

A soprano española Rocío Pérez e o tenor chileno Leonardo Navarro, habituais de teatros de renome como o Liceu, Teatro Real, StaatsOper Viena, Scala de Milano.... ofrecerán unha fermosa gala con algunhas das arias e duetos máis populares de Verdi, Puccini ou Donizetti, e páxinas selectas da nosa zarzuela. Unha fantástica velada para pechar esta tempada de concertos.

Venda de entradas: O día da actuación no Auditorio a partir das 20:00 h.
Prezos: socios da SFV: de balde; Público xeral: 18€.

## SÁBADO 4
Sala de Conferencias Auditorio [11:30]
[OBRADOIRO TEATRO]




### The King´s Servant
KIDS&US TEATRO INTERACTIVO

Convídante ao fantástico castelo dun rei moi peculiar. Grazas ao criado do rei, o amable (e tenso) Jenkins, poderemos participar nun auténtico baile medieval.
Dirixido a nenos de 4 a 8 anos. Duración: 30 minutos.
Entrada de balde, con reserva previa no 604006662 ou en vilagarcia@kidsandus.es.



## MÉRCORES 8
Salón García [21:00] [CINE]

### Thank you four de rain
PROXECCIÓNS CINE CLUB ÁDEGA - CICLO MEDIO AMBIENTE

Unha historia cautivadora e inspiradora dun optimista infatigable que pon a proba os seus límites contra toda adversidade na súa loita por un mundo máis verde. Ano: 2017. Xénero: documental. Duración: 90 min. Venda de entradas: no Salón García a partir das 20:30h o día da proxección. Prezos: socios anuais, de balde. Socios 1 día/sesión: 4€.

## SÁBADO 11
Sala de Conferencias Auditorio [20:00] [LITERATURA]

### PRESENTACIÓN DO LIBRO: "Mulleres de Rocha e Area"
**AUTORA: TERESA PÉREZ TILVE**

Amelia e Verónica deciden un día procurar emprego nunha agrupación de marisqueo a pé, primeiro en Vilanova de Arousa e despois en Carril. O coñecemento deste oficio e das persoas que o levan a cabo vai influír na decisión de cambiar as súas vidas...
Entrada de balde ata completar aforo.

## SÁBADO 11
Salón de actos Auditorio [21:00] [MÚSICA]

### "A Música, para non esquecer"
**GALA ANUAL DE AFASAL**

Despois de tres anos, volve ao Auditorio este evento con músicos e cantantes novos que comparten escenario con outros máis veteranos. Coordinación xeral técnica: José Álvarez.

Venda de entradas: na billeteira do Auditorio, o propio día da Gala, de 10:00 a 13:00 h. e de 17:00 h. ata a hora da función.
Prezo: 5€.



## MÉRCORES 15
Salón García [21:00] [CINE]

### Honeyland
PROXECCIÓNS CINE CLUB ÁDEGA - CICLO MEDIO AMBIENTE

Documental sobre a última muller recolectora de abellas de Europa. Sen protección nin axuda, Hatidze é capaz de amansalas para extraer o mel e vendelo. Todo é idílico ata que chegan novos veciños que estorban a súa paz, a da súa nai -á que coida- e a das abellas...
Ano: 2019. Xénero: documental. Duración: 85 min.
Venda de entradas: no Salón García a partir das 20:30h o propio día.
Prezos: socios anuais, de balde. Socios por 1 día/sesión: 4€.

## SÁBADO 18
Salón de actos Auditorio [DÚAS FUNCIÓNS 17:30 e 20:00] [MÚSICA]

### El Efecto Mariposa
Espectáculo que presenta a Animación S. Nydia no seu 15º Aniversario xunto á Asociación D`Vuena. O fío condutor é o "efecto mariposa", teoría que sinala que cada pequeno acto que fagamos ten unhas enormes consecuencias no mundo e nas persoas que nos rodean.
Duración: 90 min. aproximadamente.

Venda de entradas: en Animación S. Nydia, do luns 13 ao xoves 16 de xuño, de 10:00 a 12:00 h. e de 17:00 a 20:00 h; Na billeteira do Auditorio, o venres 17 de 16:30 a 19:00 h., e o sábado 18 de 10:00 a 12:00 h., de 16:30 a 17:30 h. e de 19:15 a 20:00 h. Prezo: 3€.

## MÉRCORES 29
Salón de actos Auditorio [21:00] [CINE]



### Solo nos queda bailar
PROXECCIÓNS CINE CLUB ÁDEGA

Día do Orgullo LGTBI (colabora: Concellería de Igualdade)

Merab ensaia dende moi novo na Compañía Nacional de Danza de Xeorxia con Mary. De súpeto, aparece o carismático Irakli e convértese no seu maior rival, pero tamén no seu obxecto de desexo. Merab enfróntase á necesidade de liberarse e arriscalo todo no empeño.
Ano: 2019. Xénero: drama. Duración: 113 min.
Entrada de balde ata completar aforo.



XURXO ALONSO
BERTA ARES
JOAM BERRIDE
OLALLA BUCETA
MANOLO CHAZO
ELIAS COCHÓN
ENRIQUE CONDE
FAUSTO GARCÍA
MARTA IGLESIAS
UXÍO LÓPEZ
CARLOS MAÑO
VÍTOR MEJUTO
JUAN MORENO BADÍA
GUILLERMO PEDROSA
MIGUEL PIÑEIRO
JUAN CARLOS PLATIS
XURXO ROMERO
VÍCTOR RÚA
MARCELA SANTORUN

## ATA O 23 DE XUÑO
Sala de Exposicións Rivas Briones

### A Ruta da Arte 2022
Exposición que reúne a 19 artistas vencellados a Vilagarcía que formaron parte da primeira edición desta mostra colectiva.